



DESAFÍO 1

Neste primeiro desafío centrámonos nos conceptos de tempo e clima e como este último evoluciona ao longo do tempo.

Para superar esta primeira proba, tendes que facer un vídeo que trate os seguintes temas:

- Prognóstico do tempo. Tendes que facer unha predición do tempo na vosa localidade tal como fan os homes do tempo.
- A continuación, explicádenos como é o clima da vosa vila ou cidade. Chove moito? Vai moita calor no verán? A néboa é habitual no inverno?

Mandádenos o resultado nun vídeo que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Duración máxima de tres minutos.
- Formato de vídeo: MP4, .AVI, .MPG, .MOV, .FLV, .WMV
- Non utilizar música nin imaxes que infrinxan os dereitos de autor.
- Valorarase positivamente a orixinalidade e a dificultade do traballo.

Algunhas ideas?

Podedes gravar como auténticos homes-mulleres do tempo do telexornal con aplicacións para tablet como Kinemaster (Android) ou Veescape Live Green Screen App (iOS)

- Gravade escenas como reporteiros de televisión na rúa. Incluso podedes facer conexións co estudio dos presentadores.
- Non vos preocupedes pola calidade técnica. Valoramos sobre todo a creatividade e o rigor científico dos contidos.